ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÚÍSTICA DO CONCELLO DE FERROL

CAPÍTULO PRIMEIRO

Do uso oficial do idioma galego

Artigo I

1.1 O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Ferrol.

1.2 As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

1.3 Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a ser atendidos/ as e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

CAPÍTULO SEGUNDO

Ámbito de aplicación

Artigo II

2.1 O uso da lingua galega por parte do Concello de Ferrol e dos organismos que del dependan padroados, organismos autónomos, sociedades anónimas municipais, etc., hase rexer polos criterios establecidos nesa ordenanza.

2.2 As empresas adxudicatarias ou concesionarias que actúan por conta deste Concello, así como as de explotación mixta, farán o propio, e ha facerse constar explicitamente nos documentos correspondentes.

2.3 O Concello de Ferrol velará para que a nivel interno e nas actividades en que participe convenios, consorcios,sexan aplicados os principios anteriores aquí establecidos.

2.4 O Concello de Ferrol mantén un servicio de normalización lingüística co obxectivo de dar pulo á normalización do galego. Tódolos organismos anteriormente citados han de se axustar ós criterios de uso lingüístico que difunde o servicio de normalización lingüística.

CAPÍTULO TERCEIRO

Do uso do galego na organización municipal

Artigo III

3.1 As actuacións internas do Concello faranse en galego.

3.2 As actas das sesións que realice o Concello pleno, a comisión de goberno e as comisións informativas redactaranse en lingua galega. Igualmente redactaranse en galego as actas dos diversos padroados, consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes deste Concello.

3.3 A Alcaldía e os rexedores, e tamén as diversas dependencias ou servicios, redactarán en lingua galega os dictames, informes e propostas que teñan que someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano corporativo municipal.

3.4 Tódolos impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello de Ferrol, redactaranse en galego.

3.5 Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabaceiras de toda clase impresos, os selos de goma, os mataselos e outros elementos análogos han ser escritos en galego.

3.6 As aplicacións e programas informáticos han estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

Artigo IV

4.1 Cando o Concello encargue estudios a terceiros, proxectos e traballos análogos, cando sexan persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galicia,ha demandar que sexan realizados en galego.

4.2 O Concello requiriralles ós seus contratistas e provedores, cando sexan persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galicia, a presentación da documentación en galego e que, na máxima medida posible fagan uso do galego nos bens e nos servicios que sexan obxecto do contrato. Estes requisitos han de constar no prego de condicións dos contratos administrativos que aprobe o Concello.

CAPÍTULO CUARTO

Das relacións coas e cos administrados

Artigo V

5.1 Tódolos expedientes administrativos do Concello de Ferrol tramitaranse en lingua galega.

5.2 Sempre que calquera interesado o solicite formalmente entregaránselle os documentos que lle afecten ou interesen na lingua oficial que demandase. En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.

5.3 As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos cidadáns a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.

5.4 Os expedientes que deban ter algúns ou tódolos efectos fóra do territorio no que a lingua galega é idioma oficial, faranse tamén en galego e castelán, coa indicación neste último de que o texto é traducción do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a traducción na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

Artigo VI

Os impresos ofreceranse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a traducción ó castelán daqueles impresos que así se soliciten.

Artigo VII

Só se farán impresos bilingües cando algunha circunstancia especial así o requira, de acordo coas orientacións que estableza a comisión á que se refire o artigo 30 por proposta do servicio de normalización lingüística. O texto galego figurará sempre de forma preferente.

Artigo VIII

Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que o/ a administrado/ a demande expresamente ser atendido/ a en castelán.

Artigo IX

Os documento públicos e os contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego. No caso en que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase tamén na lingua que se acorde e, se acaso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galego para incorporala no expediente.

CAPÍTULO QUINTO

Das relacións institucionais

Artigo X

10.1 A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas sitas no territorio galego redactaranse en lingua galega.

10.2 As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega, independentemente do feito que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

Artigo XI

11.1 Os documentos do Concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é traducción do orixinal galego, e achegando no caso de ser posible, a traducción na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

11.2 As copias dos documentos do Concello en galego que deban de enviarse a administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é traducción do orixinal galego, e achegando, no caso de ser posible, a traducción na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

Artigo XII

Respecto ós documentos dirixidos directamente ós organismos centrais de ámbito estatal ou supraestatal, o Concello aterase ó que prevén as disposicións vixentes, redactándoos sempre que sexa posible en galego.

CAPÍTULO SEXTO

Dos avisos, publicacións e actividades públicas

Artigo XIII

Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, ou en calquera outro medio de comunicación radicado no territorio da nosa comunidade autónoma serán redactados en galego. Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicación será dobre.

Artigo XIV

Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

Artigo XV

15.1 Os libros, as revistas e, en xeral, tódolos carteis e publicacións que edite o Concello de Ferrol, como tamén as mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación, faranse en galego, agás aqueles destinados especificamente á promoción exterior, que se poderán facer na lingua dos destinatarios.

15.2 Fóra do ámbito lingüístico galego a publicidade farase sempre en versión dobre: galego e castelán.

Artigo XVI

Tódolos textos que han ser publicados enviaranse ó Servicio de Normalización Lingüística para a súa corrección.

CAPÍTULO SÉTIMO

Dos rexistros

Artigo XVII

Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/ 1983, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de Ferrol, os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPÍTULO OITAVO

Atención ó público

Artigo XVIII

Os servicios da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa promoverán o uso do idioma galego, mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e información ós cidadáns dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no seguinte artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servicios públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO NOVENO

Topónimos, sinalizacións e rótulos

Artigo XIX

Consonte ó disposto no artigo 10 da Lei 3/ 1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do Concello de Ferrol é a galega.

Artigo XX

Os rótulos, sinalizacións da Casa do Concello, dos outros edificios e servicios públicos e da rede viaria municipal dependente do Concello ou instalada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade serán redactados en idioma galego. Cando o interese en xeral o requira, tamén poderán redactarse en castelán ou outros idiomas.

Artigo XXI

O Concello de Ferrol velará pola normalización de toda a súa sinalización e rotulación, tomará as medidas necesarias para garanti-lo uso da toponimia oficial galega.

CAPÍTULO DÉCIMO

Da selección, provisión e reciclaxe do persoal

Artigo XXII

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ó servicio da corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade do castelán e, de acordo coa natureza do seu obxectivo, establécese o seguinte:

Artigo XXIII

23.1 Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello, xa sexa funcionario, laboral ou de calquera outro xeito, ha de figurar, como condición obrigatoria, que tódolos aspirantes acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á función desempeñada.

23.2 Por proposta da comisión de seguimento desta ordenanza, o Pleno do Concello establecerá nas bases das convocatorias o nivel de galego que acreditarán os aspirantes.

Artigo XXIV

24.1 Na provisión dos postos de traballo, incluídos os cargos con habilitación nacional, os candidatos han ser capacitados e posuír un grao de coñecemento da lingua galega, tanto na expresión oral como na escrita, que os faga aptos para desenvolve-las súas funcións.

24.2 Por proposta da comisión de seguimento desta ordenanza, o Pleno do Concello, á hora de defini-los postos de traballo, establecerá os niveis e contidos respectivos do coñecemento oral e escrito da lingua galega como requisito indispensable ou mérito preferente de acordo coa avaliación que se estableza.

Artigo XXV

O Servicio de Normalización Lingüística formará parte dos tribunais cualificadores para face-la estimación dos coñecementos de galego, na selección de persoal e na provisión de postos de traballo.

Artigo XXVI

Os responsables dos diferentes órganos do Concello de Ferrol, de acordo co Servicio de Normalización Lingüística tomarán as medidas necesarias para que, nos órganos da súa competencia, o persoal que neles traballe teña os coñecementos precisos de galego a fin de garantir un desenvolvemento correcto, dende o punto de vista lingüístico, das tarefas internas ou dirixidas ós administrados.

Artigo XXVII

O Concello de Ferrol, de acordo co Servicio de Normalización Lingüística, organizará cursos de lingua galega para todo o funcionariado que non teña os coñecementos necesarios para exerce-las súas funcións e para mellora-lo nivel de linguaxe administrativa ou doutras especialidades.

Artigo XXVIII

Será obrigatorio para todo o funcionariado adquiri-lo nivel de coñecemento establecido nas bases, de acordo cos criterios e termos que fixe a comisión de seguimento da ordenanza.

O persoal ó servicio da corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participase nos programas de formación ou perfeccionamento deberá utilizalo no seu traballo.

Artigo XXIX

A formación profesional do persoal funcionario e laboral do Concello de Ferrol farase en lingua galega, sempre que dependa do Concello a programación e organización. De non depender del, o Concello demandará que se faga en galego.

CAPÍTULO UNDÉCIMO

Do cumprimento e seguimento da ordenanza

Artigo XXX

30.1 Para garanti-lo cumprimento desta ordenanza, crearase unha comisión interdepartamental de seguimento integrada cando menos polo alcalde, o secretario xeral, o xefe de persoal, a persoa responsable do Servicio de Normalización Lingüística, un concelleiro ou concelleira designado/ a por cada grupo municipal, un representante do comité de empresa e outro da xunta de persoal.

30.2 Esta comisión de seguimento reunirase polo menos dúas veces ó ano, para analiza-lo cumprimento desta ordenanza, e extraordinariamente cando a convoque o alcalde por iniciativa propia ou a petición dalgún dos seus membros.

30.3 A actualización, ampliación ou revisión da ordenanza tamén depende desta comisión, a cal fará o estudio e proposta correspondente ó Pleno do Concello, para que, se procede, se aprobe a modificación.

Artigo XXXI

Tamén é competencia da comisión de seguimento promover, chegado o caso, os expedientes sancionadores oportunos polo incumprimento da ordenanza.

CAPÍTULO DUODÉCIMO

Do imposto institucional

Artigo XXXII

32.1 De acordo co establecido no art. 25 da Lei de Normalización Lingüística do Galego, o Concello de Ferrol fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

32.2 Das tarefas que se realicen para dar pulo institucionalmente no municipio de Ferrol, ocuparase o Servicio de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que establece a comisión de seguimento desta ordenanza.

32.3 Tódolos organismos do Concello de Ferrol darán pulo á normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do Servicio de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que establece a comisión de seguimento desta ordenanza.

32.4 O Concello de Ferrol poderá outorgar reduccións ou exencións de obrigas fiscais para as actuacións relacionadas coa normalización lingüística, conforme co artigo 25 da Lei de Normalización Lingüística.

O que se fai público para xeral coñecemento, podendo interpoñerse contra o acordo e ordenanza recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, previa comunicación de tal propósito ó Pleno da corporación, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.

Ferrol, 27 de xuño de 1997

O alcalde

Juan Blanco Rouco